



APDR

Asociación pola defensa da Ría

A APDR SÚMASE Á REIVINDICACIÓN VECIÑAL DE VILABOA CONTRA O USO DE HERBICIDAS NA N554 POR FOMENTO E PRESENTA HOXE MOCIÓNS AOS CONCELLOS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A Asociación Pola Defensa da Ría, integrante da Federación Ecoloxista Galega e da Plataforma contra as Fumigacións, participando da inqueda de sectores produtivos (como a [agricultura](#), [gandaría](#), [apicultura](#), ...), [ecoloxistas](#), [veciñais](#), [culturais](#), [sociais](#), [sindicais](#) e de [consumo](#), ven alertando dos riscos que para a biodiversidade e para a saúde supón o uso xeneralizado de herbicidas e insecticidas. **Nesta liña súmase tanto á veciñanza e a Asociación Veciñal de Santa Cristina de Cobres en Vilaboa ([1](#), [2](#), [3](#), [4](#)) na denuncia do uso indiscriminado de herbicidas nas cunetas da estrada N-554 por parte de Fomento como a [Vaipolorío](#) na denuncia de fumigacións nas cunetas da estrada EP-002 (entre Vilaboa e Pontevedra) en ambos casos próximo a cultivos e hortas. Hoxe luns 27 de xullo, a APDR entrega aos concellos de Vilaboa, Pontevedra, Marín, Bueu, Moaña, Cangas e á propia Deputación de Pontevedra a proposta duns concellos libres de herbicidas e do insecticida Tau-fluvalinato para debater nos vindeiros plenos.**

Sobre os herbicidas:

Decenas de estudos científicos demostran os efectos tóxicos sobre a saúde e o medio ambiente dos herbicidas, entre os de máis ampla utilización na Galiza encóntrase o **GLIFOSATO que foi declarado probábel canceríxeno (2A) pola [Organización Mundial da Saúde](#) en marzo de 2015**. Nos últimos anos, e de xeito crecente, as empresas contratadas polas distintas administracións públicas (para o mantemento de lugares públicos como parques, xardíns, estradas, centros educativos e ata espazos naturais) xunto multitude de propietarios de fincas e montes, utilizan herbicidas como o Glifosato, este último, utilizado a cotío en amplas zonas forestais galegas xestionadas pola empresa ENCE. Ante a ameaza para a saúde pública, concellos galegos como Redondela, Pontearreas, Amoeiros ou Ames xa deron pasos para declararse libres de herbicidas.

Sobre o Tau-fluvalinato:

Consentido cada ano en períodos determinados, cedendo aos intereses de ENCE na loita contra o goníptero do eucalipto, o Tau-fluvalinato é un insecticida inespecífico, biocida nocivo, irritante, bioacumulativo, altamente tóxico para a vida acuática, con interaccións tóxicas para as abellas descritas nalgúns [estudos e publicacións](#) e como un tóxico “moderado” para as abellas nalgúnas [bases de datos internacionais](#). Convén salientar que si existen outros medios para controlar a praga do goníptero como son a loita biolóxica ou garantir a biodiversidade dos nosos montes evitando os monocultivos.

A moción que se presenta toma como referencia a Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012 polo que se establece o marco de actuacións para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, normas que recomentan o uso doutros medios máis saudábeis para a eliminación da vexetación ou o goníptero que afecta aos eucaliptais. Neste sentido, as mocións instan ós plenos dos concellos e da Deputación a declararse libres do uso de herbicidas e do tau-fluvalinato, comezando por todo tipo de lugares públicos dos municipios, e a súa substitución por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio ambiente

Pontevedra, 27 de xullo de 2015

Xulio Carmona, pola xunta directiva da APDR